

**COLECCIÓN DE BOAS
PRÁCTICAS DE
EDUCACIÓN PARA O
DESENVOLVEMENTO
SUSTENTÁBEL**

nº 3



**Conferencia Internacional de
Mozos: Coidemos o Planeta
(CONFINT)**





CRÉDITOS E LICENZAS

Catálogo de publicacións do Ministerio: <https://sede.educacion.gob.es/publiventa>
Catálogo xeral de publicacións oficiais: <https://cpage.mpr.gob.es>

Título: *Boas prácticas de educación para o desenvolvemento sustentábel. Conferencia Internacional de Mozos: Coidemos o Planeta– CONFINT*

Autoras:


Cristina González Torrents.
Paula Pérez Carrillo.
Marta Vilar Recasens.



MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría de Estado de Educación
Subdirección Xeral de Cooperación Territorial e Innovación Educativa

Edita
© SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán, Documentación e Publicacións

Edición: 2022
NIPO (liña): 847-22-052-7
Obra publicada con licenza *Creative Commons* Reconocimiento-Non-- Com-
partir baixo a mesma licenza 3.0
Maquetación: Pilar Hernández Gonzalo





COLECCIÓN DE BOA PRÁCTICAS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL

Cada día é máis palpábel a necesidade de actuar para abordar os retos e desafíos que afrontamos como humanidade. As grandes desigualdades e a pobreza existentes, máis exacerbadas pola crise pandémica, e a crise climática e ambiental, nos interpelan como sociedade no relacionado cos nosos dereitos e obrigacións. A educación para o desenvolvemento sustentábel ten un papel fundamental na xeración de procesos que posibiliten transformar a nosa sociedade nunha máis xusta, inclusiva, pacífica e solidaria, e que nos permita promover melloras substanciais na forma de relacionarnos entre nós e coa contorna para manter o equilibrio cos límites planetarios, mellorando a inclusión a tódolos niveis para non deixar a ninguén atrás.

Nesta liña, a Declaración de Berlín sobre a Educación para o Desenvolvemento Sustentábel acordada na Conferencia mundial da UNESCO sobre a educación para o desenvolvemento sustentábel, subliña que a aprendizaxe transformadora das persoas e o planeta é necesaria para a nosa supervivencia e a das futuras xeracións. O momento de aprender e de actuar na defensa do noso planeta é agora. Esta óptica de ruptura con modelos tradicionalmente agresivos coas persoas e o planeta expón a necesidade de avanzar comprometidos como sistema educativo, mellorando as nosas prácticas, amosándoas e compartindo o coñecemento para poder ofrecer mellores solucións que nos faga avanzar á vez que transformamos a nosa escola e a nosa sociedade.

Esta colección de boas prácticas de educación para o desenvolvemento sustentábel ten vocación de ofrecer diferentes puntos de vista na mellora do plano pedagóxico, no das redes educativas, na contorna social e na acción da xuventude nos centros educativos. A comunidade educativa no seu conxunto é o piar sobre o cal construír esta transformación necesaria para facer do noso planeta un lugar no que convivir, con esperanza, aprendendo dos nosos erros e coa seguridade de que os cambios son posíbeis e necesarios.





CONFERENCIA INTERNACIONAL DE MOZOS: COIDEMOS O PLANETA (CONFINT)



- 0. O noso proxecto.....5
- 1. Quen somos?.....6
- 2. Punto de partida.....7
- 3. Paso a paso.....9
- 4. Avaliamos.....14
- 5. Conclusións.....16
- 6. Anímaste?.....17
- 7. Material complementario.....18





O NOSO PROXECTO

Conferencia Internacional de Mozos: Coidemos o Planeta (CONFINT)

ESenRED (Escolas cara a Sostibilidade na Rede) impulsa e coordina a nivel estatal e europeo a CONFINT, proceso construtivista que mobiliza e compromete á mocidade e á comunidade educativa, na procura dun compromiso individual e sa transformación colectiva cara sociedades sustentábeis.

1. CONFINT. ESenRED

Escolas cara a Sostibilidade en Rede é a rede estatal de redes de centros educativos sustentábeis promovidas por iniciativa de administracións públicas.

2. O NOSO OBXECTIVO

Apoderar ao alumnado na toma de decisións sobre as accións dos centros educativos.

3. PASO A PASO

Estrutúrase en diferentes niveis de participación e intercambio: conferencias escolares, de rede, estatal, europea ou internacional.

6. CLAVES INSPIRADORAS


O proxecto baséase en tres piares educativos: mozo educa a mozo, mozo escolle a outro mozo e unha xeración aprende da outra.

5. CONCLUSIÓN

«Se non é agora, cando? Se non somos nós, quen?».

4. RESULTADOS

Centenares de centros e mozos implicados cada curso, motivados e traballando en rede, comprometidos na mellora ecosocial da súa contorna.





1. QUEN SOMOS?



- **Escolas cara a sostibilidade en Rede**
- **Favorecemos o cambio e o avance das redes**
- **Traballo cooperativo en rede**

ESenRED é a rede estatal de redes de centros educativos sustentábeis non universitarios promovidas por iniciativa de administracións públicas (Comunidades Autónomas, Concellos, Deputacións...) con intereses e obxectivos comúns, que se configura como unha comunidade de prácticas na que todos os seus membros teñen a posibilidade de actuar e responsabilizarse en clave de igualdade creando un traballo cooperativo en rede.

ESenRED (Escolas cara a Sostibilidade en Rede)

ESenRED favorece o cambio e o avance das redes, ofrecendo un camiño para practicar a responsabilidade compartida, no que as persoas representantes de cada rede contribúen con funcións distintas, dando lugar a un liderado distribuído e compartido. Entendemos que o alumnado é o protagonista e o profesorado o eixe dos procesos de educación ambiental que impulsamos para a sostibilidade.

ESenRED responsabilízase de coordinar no Estado e en Europa a Conferencia Internacional de Mozos: Coidemos o Planeta (CONFINT), proceso construtivista que mobiliza e compromete á mocidade e á comunidade educativa, no que os mozos e mailas mozas se reúnen en distintos niveis organizativos (escolar, autonómico, estatal, europeo e global), deliberan sobre a crise ambiental amplamente entendida (ecolóxica, social, cultural, económica, política...), asumen responsabilidades, e expoñen e executan accións transformadoras cara sociedades sustentábeis.

A idea de responsabilidade é esencial neste proceso. Completa o feito de que cada individuo non só ten dereitos, senón que tamén ten que tomar responsabilidades, individuais ou colectivas, ante as situacións problemáticas que afectan á vida no planeta. A CONFINT amosa á mocidade que a súa implicación e mailas súas accións poden ter un gran impacto sobre o seu medio ambiente local e global, pero que, por outro lado, estas responsabilidades están limitadas polos seus propios coñecementos e poder. Por esta razón, en cada CONFINT os nenos, as nenas, os mozos e as mozas redactan un documento (carta, manifesto, chamada...) dirixido e presentado ante responsábeis políticos para informárenlles dos retos que identificaron, e para convidalos a tomar responsabilidades ao seu propio nivel. Amais, faise a cada mozo protagonista e axente transformador no presente e non, como adoita ser habitual, exclusivamente no futuro.

**Protagonismo
dos mozos**

**O profesorado
guía e orienta**

**Impacto
ecosocial**



2. PUNTO DE PARTIDA

A experiencia xorde en Brasil, e a iniciativa deste país, en 2010 reuníronse uns 400 mozos de 53 países para intercambiar experiencias, renovar a súa responsabilidade coa sostibilidade, e apelar á responsabilidade dos tomadores de decisións políticas para que adopten medidas nese sentido e favorezan a creación de foros de participación para mozos e mozas onde facer visíbel que eles e elas tamén son axentes de cambio e transformación social. En España 57 escolas de Aragón, Galicia, País Vasco e Cataluña participaron en diferentes encontros. E unha delegación de 8 mozos os representaron en Brasil, na *Conferència Internacional de Joves «Tinguem Cura del Planeta»*, onde redactaron a Carta Internacional de Responsabilidades.

A partir d'aquest moment, s'han succeït diferents conferències en diversos àmbits (escolar, autonòmic, estatal, europeu i global), però sempre amb el mateix lema:

«Se non é agora, cando? Se non somos nós, quen?»






Conferencias CONFINT

CONFERENCIA ESTATAL	CONFERENCIA ESTATAL	CONFERENCIA ESTATAL	CONFERENCIA ESTATAL	CONFERENCIA ESTATAL
Xaneiro 2012, Vitoria (101 mozos, 63 centros educativos, 5 comunidades)	Novembro 2014, Barcelona (123 mozos, 72 centros educativos, 10 comunidades)	Novembro 2016, Logroño (120 mozos, 40 centros educativos, 9 comunidades)	Outubro 2018, Albacete (116 mozos, 66 centros educativos, 9 comunidades)	Outubro 2021, Madrid (70 mozos, 54 centros educativos, 10 comunidades)

CONFERENCIA EUROPEA	CONFERENCIA EUROPEA	CONFERENCIA INTERNACIONAL
Maio 2012, Bruxelas (60 mozos, 14 países)	Maio 2018, Lisboa (70 mozos, 10 países)	Xuño 2010, Río de Xaneiro (400 mozos, 53 países)





3. PASO A PASO

a) Relación coa Axenda 2030 e cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS)

A Conferencia Internacional de Mozos Coidemos do Planeta (CONFINT) é un proceso que invita a mozos e mozas de todo o mundo a reflexionar e actuar para mellorar o planeta. É **un proceso educativo que procura o compromiso e maila responsabilidade dos mozos e das mozas para superar a crise social e ambiental que sofre o noso mundo**, mediante un proceso interactivo levado a cabo polos mozos e mozas de diferentes localidades, rexións, países e continentes que aprenden e actúan unidos por un obxectivo común: coidar o planeta.


A CONFINT achega a dimensión da política ambiental á educación regrada. Mobiliza e compromete á mocidade a analizar e debater, co resto da comunidade educativa, os principais retos ecosociais actuais e, por tanto, os ODS. É un proceso de construción da aprendizaxe no que os mozos e mailas mozas se reúnen, deliberan sobre os principais problemas ecosociais, os asocian aos ODS, asumen responsabilidades, desenvolven accións para abordar as problemáticas seleccionadas e elixen representantes que comunicarán as ideas acordadas en diferentes espazos de intercambio. Este proceso inclúe a realización de conferencias escolares, conferencias de redes, estatais, provinciais ou autonómicas e, finalmente, de ámbito internacional.

En resumo, a CONFINT é un proceso participativo que **insta á acción persoal e local** na consecución dos ODS.

b) Obxectivos

O proceso CONFINT pretende:

- Transformar cada escola nun espazo activo de construción de coñecementos e propiciar a participación democrática e o debate na esfera global e local.
- Espertar e fortalecer a participación da comunidade educativa no debate de temáticas ecosociais urxentes, xeralmente limitadas aos centros de investigación ou de formulación de políticas públicas.
- Promover que os mozos e mailas mozas asuman responsabilidades individuais e colectivas para provocar unha mellora da calidade de vida local e planetaria.
- Compartir e intercambiar experiencias entre diferentes centros e territorios para asumir responsabilidades comúns na resolución dos retos ecosociais globais.
- Dar voz aos mozos e ás mozas ante as institucións públicas, e interpelar a estas últimas a liderar políticas ecosociais.





c) Metodoloxía

O fío condutor do proceso CONFINT son as conferencias dos centros participantes, que teñen lugar en ciclos de aproximadamente tres cursos escolares, a tres escalas: rexional, estatal e europea. Estas conferencias son un punto clave na motivación do alumnado e profesorado, e na mellora das accións que afrontan os problemas ambientais abordados pola escolas.

O proceso no centro

O traballo previo no centro é a materia prima das diferentes conferencias. Este segue os seguintes pasos:

1. Escollemos ao noso «grupo motor» formado polo alumnado que liderará o proxecto no centro. Podémolo facer cun grupo clase ou ben co noso comité ambiental, formado por alumnos e alumnas de varios cursos.
2. Analizamos a realidade global e local cunha visión ecosocial. Detectamos que problemas existen na nosa contorna máis próxima. Que os causa? Que consecuencias teñen? Que relación teñen estes problemas locais cos problemas ecosociais globais?
3. Que cambio nos propoñemos? Marcámonos un obxectivo que ilustramos cunha imaxe de cambio, de mellora. Como nos imaxinamos o resultado das nosas accións? Onde queremos chegar? Que nos permitirá saber que conseguimos o cambio que nos propoñemos?
4. Decidimos as accións para conseguir o cambio. Propoñemos e eliximos, mediante un proceso participativo ao que chamamos «conferencia escolar», as accións que levaremos adiante para conseguir o cambio que nos propoñemos.
5. Planificamos e buscamos aliados. Estruturamos a execución das nosas accións e decidimos cando as levaremos a cabo. Quen nos pode axudar no noso proceso? Que actores (entidades, administracións, outras escolas...) poden ser os nosos aliados e axudarnos a conseguir o cambio que nos propoñemos?
6. Actuamos. Realizamos as nosas accións.
7. Escollemos aos delegados e delegadas que participarán na conferencia rexional. Seguindo a premisa «Mozo escolle a mozo» se elixen os delegados e delegadas que representarán o centro na conferencia rexional.
8. Avaliamos os resultados e mailo proceso. Como foi o proceso? Como o vivimos? Conseguimos aquilo que nos propuxemos? Que podemos mellorar?





E, durante todo o proceso, tentamos compartir, explicar, implicar a quen queremos que se sume a nosa causa. A «educación» ten que formar parte de tódalas fases do proceso, que se produce a escala rexional, estatal e europea.



i. Principais contidos

Os contidos dependen das problemáticas escollidas polos centros. Pódense atopar temas de mobilidade, mellora da biodiversidade, redución de residuos, contaminación atmosférica e acústica, convivencia, inclusividade, pero tamén nos centros máis rurais se abordan temas como o despoboamento. A partir desta temática o alumnado realiza estudos, investigacións, diseña enquisas, fai entrevistas que lle permiten coñecer máis a fondo o problema ecosocial e planea boas propostas de accións para abordalo.

O proxecto permite traballar de forma transversal e integrada no currículo desde tódalas áreas e favorece o diálogo e a interacción con axentes externos ao centro, buscando alianzas para conseguir os obxectivos que o alumnado de cada centro se propuxo.





ii. Competencias clave traballadas

O proceso CONFINT desenvolve tódalas competencias clave. Destacamos os principais momentos do proceso nos que se mobilizan estas competencias:

a) Competencia en lectoescritura. A través do debate e do intercambio presente en tódalas etapas do proceso. A «educación» é un obxectivo clave deste proxecto e se traballa en tódalas Conferencias (escolar, de rede, estatal e europea). Xerando materiais comunicativos e promovendo as exposicións en público dentro e fóra da escola.

b) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. Coa análise profunda dos problemas ecosociais e na procura de solucións.

c) Competencia dixital. A través da procura de información, co uso das novas tecnoloxías para a difusión das accións e nos intercambios con outros centros e sobre todo na elaboración das propostas educativas.

d) Competencia persoal, social e de aprender a aprender. Na metodoloxía de todo o proceso, onde o alumno está no centro e é o protagonista da súa propia aprendizaxe. Formándose como cidadá ou cidadán crítico e participativo.

e) Competencia cidadá. O saber ser como persoa, na procura de diálogo, as alianzas e a participación activa na comunidade.

f) Competencia emprendedora. A CONFINT parte dos intereses do alumnado e promove en todo momento a implicación activa do mesmo, asumindo responsabilidades na procura de solucións creativas e innovadoras para dar resposta a aqueles problemas ecosociais que preocupan ao alumnado.

g) Competencia en conciencia e expresións culturais. A CONFINT busca a toma de conciencia da realidade da contorna próxima e propón a acción e o vínculo con este. Iremos do local ao global, poñendo en valor o territorio e os valores culturais da contorna próxima ao alumnado.





iii. Principais actividades

O eixe condutor común de todo o proceso CONFINT son as conferencias que se celebran a diferentes escalas. As conferencias son eventos nos que se reúnen os alumnos e alumnas e expoñen as investigacións, debaten os temas propostos, expresan varios puntos de vista, deliberan colectivamente e intentan chegar a acordos para levar adiante as ideas que se adopten. Considerase conferencia a tódalas partes do proceso, máis alá do día no que se realiza, e isto inclúe a fase preparatoria de investigacións e a posterior de comunicación dos acordos e seguimento das accións.

En cada conferencia o alumnado elixe aos seus representantes. O proceso xorde de abaixo arriba, dende a conferencia en cada escola (**conferencia escolar**), pasa a outra de toda a rexión ou comunidade autónoma (**conferencia de rede**), de aí a outra de ámbito estatal (**conferencia estatal**), e finalmente a outra **europaea**. Esta característica dota aos participantes da CONFINT dunha sensación de unión de mozos e mozas de diferentes países por un obxectivo ecosocial común que lles motiva a actuar como axentes transformadores na transformación da súa contorna.

iv. Planificación

O proxecto comeza co curso escolar; nalgúñas redes, arrinca cunha formación do profesorado. Cada centro organiza o seu traballo co grupo motor, ecodelegados..., ata chegar á Conferencia escolar onde se elixen os representantes de cada centro que participarán na conferencia de rede. En canto tódolos centros da rede realicen este proceso, organízase a Conferencia autonómica, que de costume se desenvolve durante o terceiro trimestre do curso escolar. Nesta Conferencia os mozos e mai-las mozas elixen aos delegados e delegadas que os representarán na Conferencia estatal, que terá lugar o curso seguinte.

v. Participantes e colaboradores

Definimos catro niveis de participación/colaboración no proceso CONFINT: O **alumnado**, principal protagonista; a **comunidade educativa**, imprescindible no proceso educativo; os **axentes externos ao centro**, aliados e cómplices da nosa acción; e as **redes de centros**, que impulsan e dan apoio aos proxectos dos centros e que permiten mellorar a partir dos diferentes espazos de encontro, debate e reflexión.





4. AVALIAMOS


A avaliación está presente en tódalas etapas do proceso. Trátase dunha avaliación reguladora que permite visualizar os logros e introducir melloras, sen esquecer as emocións.

a) Puntos fortes e oportunidades

- Dar voz aos mozos e ás mozas e ofrecerlles a posibilidade de participar na construción dun futuro sustentábel para a súas comunidades, cidades, rexións, países e para o planeta.
- Crear e fortalecer espazos de debate no centro educativo sobre os retos sociais e ambientais e tomar conciencia de que as solucións a estes retos deberán ser locais, cunha visión global.
- Coñecer mozos e mozas de todo o mundo que teñen o compromiso de camiñar cara un mundo máis sustentábel.
- Ser conscientes de que cada individuo ten que tomar responsabilidades, individuais ou colectivas, ante as problemáticas que afectan á vida no planeta.
- Ser axentes activos do cambio.

b) Puntos débiles, obstáculos


- Ao tratarse dunha proposta na que participan mozos e mozas de moitos países distintos, faise difícil garantir un proceso previo similar para tódolos participantes.
- É un proxecto que pode aplicarse de distinto modo en cada centro educativo. En España, aínda que a mocidade coincide nas conferencias estatais, a metodoloxía aplicada en cada comunidade pode ser distinta e, polo tanto, na preparación das conferencias estatais débense ter en conta os pasos anteriores para garantir un correcto desenvolvemento das mesmas.
- Aínda que nas conferencias autonómicas participa unha representación de mozos e mozas de tódolos centros educativos, nas conferencias estatais só pode participar unha representación deles e, polo tanto, algúns centros quédanse sen representante na conferencia estatal. Así pois, débese facer un bo seguimento do retorno que fan os e as representantes para que chegue a tódolos centros, con ou sen representante na conferencia estatal.
- As conferencias escolares requiren dinámicas participativas para coñecer a opinión do maior número de alumnado do centro. Proponse unha metodoloxía para logralo que ás veces non encaixa coa dinámica do centro educativo.





c) Aspectos innovadores

- O proceso global baséase en catro piares esenciais:
- **A noção de «responsabilidade».** O recoñecemento das responsabilidades ou compromisos individuais e colectivos é o eixe amplificador do proceso. Cada cidadán é responsábel dentro dos seus límites de acceso á información e ao poder.
- **Mozo elixe a mozo.** Os delegados e delegadas, representantes do alumnado nas conferencias, son elixidos, por voto ou por consenso, polos seus iguais.
- **Mozo educa a mozo.** Un equipo de mozos de 18 a 30 anos de idade coordina os talleres dos máis cativos durante as conferencias. Son os facilitadores e facilitadoras.
- **Unha xeración aprende cá outra.** Malia que os mozos e as mozas son os protagonistas do proxecto, o vínculo e o diálogo coas xeracións involucradas son primordiais. En canto á educación para a sustentabilidade, esta característica é aínda máis importante cando se basea nos conceptos novos que a mocidade pode transmitir á contorna.






5. CONCLUSIONES

A Conferencia Internacional de Mozos: Coidemos o Planeta (CONFINT) ten a vontade de apoderar aos mozos e ás mozas, darlles voz, ofrecerlles a posibilidade de participar na construción dun futuro sustentábel para a súas comunidades, cidades, rexións, países e para o planeta dentro da vida política.

É unha moi boa oportunidade para coñecer a mozos doutros centros educativos de todo o mundo que traballan cun mesmo obxectivo. Os e as participantes séntense en compañía en todo momento, a rede de persoas implicadas medra e con iso tamén cada un dos proxectos e accións do centro.





6. ANÍMASTE?

PASO 1. MOTIVACIÓN.

«Bartzelonan igaro nuen denbora esperientzia oso positiboa izan zen. Estatuko leku askotako ikasleen artean elkarlanean egon ginen oso lan giro onean. Besteengandik ikasten eta besteei irakasten. errepikatzeko modukoa».

«O tempo que pasei en Barcelona foi moi positivo, traballamos xuntos moitos estudantes de diferentes partes do estado en moi bo ambiente. Aprendemos e ensinamos aos demais. Unha experiencia para repetir.» (Izaro, alumno vasco asistente á CONFINT de Barcelona).

«Esta experiencia pareceume moi boa porque fixen moitos amigos e tamén aprendín moitas cousas sobre a natureza. Anímovos a todos que sigades con este proxecto». (Naia. Alumna de 4º de Primaria do CEIP Varia. CONFINT de Logroño (A Rioxa)).

PASO 2. COMPROMISO.

«As alumnas e os alumnos representantes dos centros educativos comprometidos co coidado do Planeta, procedentes de Albacete, Canarias, Cataluña, Madrid, Murcia, País Vasco, Palencia, A Rioxa e Valencia, que nos reunimos en Alcaraz (Albacete) do 17 ao 20 de outubro do 2018 para celebrar a IV Conferencia Estatal de Mozos «Coidemos o Planeta», manifestamos:

- Que estudamos no mundo rural, o reflexo dos grandes problemas ambientais e sociais do noso mundo. Comprobando deste xeito os graves desequilibrios que están a acontecer e a ameaza que paira sobre a humanidade enteira.


- «Que queremos estender o noso compromiso para solucionar estes problemas as nosas escolas, familias, barrios, aldeas e cidades, ás institucións políticas e, en definitiva, á sociedade enteira». (Manifiesto CONFINT de Alcaraz (Albacete)).

PASO 3. TRABALLO EN REDE.

«CONFINT é comunidade, é visualización, é traballo en rede. CONFINT permite aos mozos aprender entre iguais. E sobre todo, CONFINT, faite sentir que es cidadán do mundo e que as túas pequenas accións locais poden chegar a ter un impacto global» (Lluís Sala, profesor da Escola Sant Ramon Nonat de Barcelona).

«Hai algo novo que acaba de comezar -un sentimento que nos une de verdade sempre xuntos para chegar ata o final -e cambiar o mundo que esnaquizado está. -Viñemos cun só fin: -Coidar o planeta para nel poder vivir. -Eliximos as opcións que a Bruxelas levaremos a expor. -E, en conclusión, terminada a votación: -reducir, reciclar, reutilizar e moito máis. -O que intentamos é educar -ás persoas. -Porque hoxe podemos si... -Os mozos e as mozas de aquí... -por un mundo ideal, -temos que actuar! -Porque hoxe podemos si...-Os mozos e as mozas de aquí... -por un mundo ideal -temos que actuar!». (Letra do Taller do Ritmo da CONFINT de Vitoria).

«Se non é agora, cando? Se non somos nós, quen?»





MATERIAL COMPLEMENTARIO

Blog ESenRED

[Blog ESenRED](#)

Conferencias

[Conferencia Internacional \(Brasil, 2010\)](#)

[Video Rio + 20](#)

[Conferencia Estatal 2012 \(Barcelona\)](#)

[II Conferencia Europea \(Bruxelas, 2015\)](#)

[Conferencia Estatal 2016 \(Logroño\)](#)

[III Conferencia Europea \(Lisboa, 2018\)](#)

[Conferencia Estatal 2018 \(Alcaraz\)](#)

[Conferencia Estatal 2021 \(Guadarrama\)](#)



Cambiar as
persoas



Cambiar o
Planeta



Cambiar o
mundo no
que vivimos

